

## Pontecesures. Festas do Carme 2026

# Cuatro días de jarana y Desfile Valeiro para honrar a la patrona cesureña del mar

Se va a prolongar del 3 al 6 de julio, con misa cantada, procesión y París de Noia el tercer día

**Marcos Manteiga**

El Concello de Pontecesures traslada el cartel de las Festas do Carme 2026, que se prolongarán los próximos días 3, 4, 5 y 6 de julio. Las celebraciones incluirán una programación participativa pensada para todas las edades, que incluirá el viernes día 3 el V Torneo de Fútbol Sala en el pabellón municipal a las 20.00 horas y música tradicional gallega de la mano de Habelas hainas, Xosé Lois Romero y Alliboria, a las 21.30 horas en A Prazuela.

Ya el sábado 4 habrá verbena con la orquesta Los Satélites en A Prazuela y el Grupo Máster en el Parque do Peirao, a partir de las 22.30 horas, al tiempo que el domingo 5 la jornada arrancará a mediodía con pasacalles de Trópico de Grelos de la Praza Valeiros, para continuar a las 18.30 con la misa en honor a la Virxe do Carme, incluyendo procesión arropada por la Coral Polifónica de Pontecesures para continuar con la procesión y el Desfile Valeiro. A su término, actuará la Banda de Padrón y, ya por la noche (22.30 horas), verbenas a cargo de la

orquesta París de Noia en Parque do Peirao, pirotecnia a medianoche y los DJ Iván y Chito, a las 01.00 horas en A Prazuela.

Para concluir, el lunes 6 recorrerá las calles el pasacalles de la Asociación Cultural Xarandela, dando paso a la misa solemne por San Antón cantada por la Coral Polifónica A Barcarola, sin olvidar la fiesta infantil con hinchables a las 17.30 horas en las calles del centro de la capital y posterior la actuación de Uxia Lambona e Banda Molona, a partir de las 21.00 horas.

### Acto tradicional

Entre los actos más tradicionales está el Desfile Valeiro, uno de los eventos centrales y más multitudinarios de las Festas do Carme en Pontecesures. Durante esta marcha, vecinos, autoridades y los conocidos como valeiros cesureños (que capturan lamprea con una suerte de nasas) desfilarán hasta la zona de O Rial para recoger una bandera histórica que data del año 1912, acompañados por música tradicional y bandas.

Hay que recordar que, situada en



Imagen de archivo de un anterior Desfile Valeiro celebrado en Pontecesures para honrar a la Virxe do Carme.

NOE PARGA

IÑAKI ABELLA

un anexo a la Praza de Abastos, existe una sencilla lonja construida en 2017 para que los valeiros, los pescadores que se dedican a la captura de este curioso pez, puedan hacer sus transacciones en un lugar adecuado. Igualmente, en su entorno existe diverso material informativo como paneles o artes de pesca, entre otros, que la convierten en un atractivo centro de interpretación.

La pesca de la lamprea, animal cuya especie convivió con los dinosaurios, se ha convertido en el reclamo de un municipio que, pese a su escaso tamaño, ofrece mucho más. ■



Público disfrutando de las fiestas en honor a la Virxe do Carme en Pontecesures.



**www.dmares.es**

**Tel. 986 557 900**



















[www.grupo odl.com](http://www.grupo odl.com)

# Pontecesures. Festas do Carme 2026

Marcos Manteiga

Pontecesures é unha vila estreitamente vencellada ao río Ulla, ao Camiño de Santiago e á súa tradición comercial e mariñeira. O seu patrimonio conserva a pegada de séculos de historia e converte a localidade nun lugar de gran interese cultural, onde conviven vestixios da época romana, arquitectura medieval e monumentos que lembran o seu pasado económico e social. Porque hai que lembrar que este municipio, nun principio integrado no de Valga, ten historia dabondo empezando polo seu topónimo, que podería estar relacionada con *censuris*, por ser aquí onde se facían os empadromentos romanos, e non con *pontecaesaris*, como algún historiador interpretou.

Entre os seus principais atractivos destaca o Alfolí, un edificio barroco do século XVIII destinado á almacenaxe de sal, tabaco, xofre e outras mercadorías. A súa existencia reflicte a importancia que tivo Pontecesures como o único porto autorizado para a descarga de sal desde 1467. Aínda que un incendio destruíu o seu interior en 1990, conserva a súa fachada orixinal, co escudo borbónico e unha inscrición que lembra a súa construción durante o reinado de Carlos IV.

Outro monumento singular é o Coche de Pedra, unha escultura en granito inaugurada en 1985 que reproduce o primeiro automóbil de gasolina que circulou por Galicia. Ademais do seu valor artístico, conmemora un feito histórico: en 1925 Pontecesures organizou a primeira feira de automóviles de ocasión de

## Dende unha ponte do Mestre Mateo ata o centenario alfolí

O municipio cesureño primeiro formou parte de Padrón e logo de Valga. Inclúe tamén a escultura do primeiro coche de Galicia e igrexa románica



CEDIDA

Ponte romana sobre o río Ulla que separa Pontecesures de Padrón no que, aseguran, reconstruíu o propio Mestre Mateo.

España, unha iniciativa pioneira impulsada por veciños da vila e inspirada na feira de Leipzig, en Alemaña.

No ámbito relixioso sobresaen a

Capela de San Xulián, de orixe románica e mandada construír polo bispo Xelmírez. Durante unha restauración realizada en 1918 apare-

ceron restos romanos, hoxe catalogados polo Museo Provincial de Pontevedra, que evidencian a longa historia deste enclave.

A gran protagonista do patrimonio local é a Ponte sobre o río Ulla, construída no século I e remodelada posteriormente, destacando a intervención realizada polo Mestre Mateo no século XII. Cos seus dez arcos, une as provincias de Pontevedra e A Coruña e constitúe un símbolo da vila, ademais dun histórico punto de paso para comerciantes, viaxeiros e peregrinos.

O percorrido complétase cos cruceiros do Porto, das Carreiras e de San Xulián, que representan a tradición relixiosa e popular de Pontecesures. Especial relevancia ten o Cruceiro de San Xulián, procedente da antiga capela de San Lázaro, vinculada ao desaparecido hospital de leprosos da vila. Xunto a eles atópase o Fito Xacobeo, inaugurado en 1966 para lembrar a Ruta Fluvial Xacobeo polo río Ulla, unha das vías históricas de chegada dos peregrinos a Santiago.

Todo este conxunto patrimonial converte Pontecesures nun destino onde historia, cultura e tradición se combinan coa paisaxe do río Ulla, ofrecendo ao visitante unha excelente oportunidade para descubrir unha vila con identidade propia e un destacado legado histórico.

Este municipio, como antes se indicaba, pertenceu ao Concello de Padrón ata 1883 e, posteriormente, ao de Valga, ata que en 1925 se asinou o Pacto da Devesa para darlle entidade, entre representantes de ambas vilas. No mes de marzo de 1925 iniciáronse as primeiras xestións para acadar a segregación de Pontecesures do Concello de Valga, e o 9 de outubro dese mesmo ano elixiuse alcalde. ■

**CESUR dental**

**Dr. Pablo Sánchez Gómez**  
Odontólogo

Experto Universitario en Periodoncia  
Cirugía e Implantología Oral por la UDC

986 557 178

Colegiado: 14996  
Registro Sanitario: C-15-003888

C/Redondo 23 - 1º  
Pontecesures (Pontevedra)  
cesurdental@yahoo.es

**PRU**  
SISTEMAS DE DEPURACIÓN DE AGUAS RESIDUALES

MÁS DE 40 AÑOS DE EXPERIENCIA

www.pru.es  
administracion@pru.es

SOLUCIONES PARA LA GESTIÓN INTEGRAL Y SOSTENIBLE DE LOS RECURSOS HÍBRIDOS

ASESORAMIENTO  
DISEÑO Y FABRICACIÓN  
EFICIENCIA ENERGÉTICA

SANTIAGO: Hórreo, 9 - 11, 4ªA - T. 981 580 201

CALDAS DE REIS, OFICINA CENTRAL Y FÁBRICA: Tivo nº 4 Apdo. 11 - T. 986 540 108

PONTECESURES: Rúa Caleira nº 8 - T. 986 557 334

centro **DENTALvalga**  
*Diséñamos tu sonrisa*

PRESUPUESTOS SIN COMPROMISO

• Odontología general • Ortodoncia invisible  
• Implantantes con cirugía guiada • blanqueamiento dental

Especialistas en:  
**PRÓTESIS DENTAL**

Avda. de La Coruña, 64 - 66 - portal 2 - 1º E - Valga (Pontevedra) • T. 986 559 181 - 666 532 965

**CENTRO MÉDICO PSICOTÉCNICO CESURES**  
Alfonso Diz Villar. MÉDICO

Victor Garcia, 27 - 1º - B  
T. 986 557 245 - 618 884 884 - Pontecesures

**Clínica Dental Dra. B. Santiago Mondragón**

C/. Travesía dos Muelles, 1 • 1º D • T. 986 557 879  
PONTECESURES - PONTEVEDRA

**Transportes Luis Tarela, s.l.**

TRANSPORTES NACIONALES E INTERNACIONALES

T. 986 557 096  
Pontecesures (Pontevedra)  
administracion@tarela.es

## Pontecesures. Festas do Carme 2026

CONCELLO

# A capital cesureña segue a vibrar coas iniciativas municipais no ámbito deportivo

O Concello deseña e oferta distintas actividades deportivas para o público de todas as idades

**Iker Cotón**

O Concello de Pontecesures oferta diferentes actividades deportivas para público de todas as idades, que van continuar durante estas Festas do Carme 2026, do 3 ao 6 de xullo. Así, o quinto Torneo de Fútbol Sala organizado por Cesures FS dará o pistoletazo de saída ás celebracións no pavillón municipal a partir das 20.00 do venres e que finalizará o domingo cunha gran final e a entrega de premios.

O Torneo de Fútbol Sala non é a única iniciativa deportiva do Concello, xa que recentemente tivo lugar a segunda edición do Campus de Porteiros Fran Vieites. Nesta iniciativa de tres días de duración, 14 participantes entrenaron as súas habilidades como gardameta baixo a tutela de Fran Vieites, actual porteiro do Leicester City FC e ex porteiro do Real Betis, CD Lugo e Celta Fortuna. Neste campus, Vieites ensinou aos rapaces os coñecementos esenciais tanto para xogar baixo os paos como para xogar en equipo e xestionar as experiencias da competición na vitoria e na derrota.

Outra iniciativa foi o II Torneo de Fútbol 7 Feminino que tivo lugar o 27 de xuño no Campo de Fútbol Ramón Diéguez que contou coa participación da Bastavales UD, CD Rois, Laiño CF e As Ullas de Pontecesures. Ademais, o saque de honra que deu inicio ao torneo veu da man da cesureña Noa García, xogadora de As Celtas Sporting.

Tamén no Campo de Fútbol Ramón Diéguez tivo lugar a Festa Fin de Tempada das Escolas Municipais de Fútbol, onde preto de noventa rapaces e rapazas de todas as categorías disputaron varios partidos amigables ao longo da xornada, a cal finalizou con unha exhibición do alumnado do Judo Club Senín.

Todas estas iniciativas deportivas do Concello de Pontecesures danse nun contexto no que o deporte cesureño está de noraboa, debido ao recente ascenso a Primeira Autonómica do equipo Senior Feminino do Club Baloncesto Río Ulla fronte ao CB Sarria a finais do mes de maio.

Outra actividade chamativa ofertada recentemente pola administración local foi a ponencia do cesureño Erik Penedo, preparador físico nas categorías inferiores da Selección Española de Fútbol e readaptador de leccións. A intervención estivo dirixida cara a orientación sobre a preparación física e a previsión de lesións. ■



Participantes do II Campus de Porteiros Fran Vieites que tivo como marco o Concello de Pontecesures

CONCELLO



Xogadores da Festa Fin de Tempada das Escolas Municipais de Fútbol, que tamén organiza a administración local.

C36-001615

**CLÍNICA**  
Dr. Jorge  
**Ortega**

Avda. de Vigo, nº 12, 1º E  
36640 PONTECESURES  
(Pontevedra)  
T. 986 556 162 • F. 986 564 435  
orcstsl@yahoo.es

C-36-003335



☺

**CHAYÁN**  
clínica dental

Rúa Víctor García 33 • 36640  
Pontecesures • Pontevedra  
T. 986 14 05 36 • 649 07 20 58  
clinicadentalchayan.com

Cada sorriso conta

- ◆ CIRURXÍA DENTAL E IMPLANTOLOXÍA
- ◆ ORTODONCIA
- ◆ ESTÉTICA DENTAL
- ◆ ENDODONCIA
- ◆ PERIODONCIA
- ◆ ODONTOPEDIATRÍA
- ◆ PRÓTESE DENTAL
- ◆ ODONTOLOXÍA XERAL